

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12909 *Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A aparición no mercado comunitario dos primeiros instrumentos de prepagamento electrónicos deu lugar á adopción da Directiva 2000/46/CE, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como sobre a supervisión cauteladora das ditas entidades. O seu propósito de crear un marco xurídico claro e harmonizado que fortalecese o mercado interior e estímase a competencia no sector da emisión de diñeiro electrónico, ao tempo que garante un nivel de supervisión prudencial adecuado, recolleuse na primeira regulación das entidades de diñeiro electrónico en España.

A Directiva 2000/46/CE incorporouse ao noso ordenamento a través do artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e do Real decreto 322/2008, do 29 de febreiro, sobre o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico, que o desenvolve. Ambas as dúas respondían ao propósito principal de estimular a competencia e abrir o sector da emisión de diñeiro electrónico a institucións distintas das bancarias, permitindo a creación dun novo tipo de entidades, as entidades de diñeiro electrónico.

Desde entón viñéronse producindo unha serie de desenvolvementos, tanto na vertente regulatoria como na evolución do propio sector, que aconsellan unha modificación do marco regulador das entidades de diñeiro electrónico e a emisión de diñeiro electrónico. Transcorridos dez anos desde a aprobación daquela primeira regulación comunitaria, comprobouse tanto a oportunidade do modelo como a necesidade de abordar algunhas reformas que poderían mellorar a súa efectividade práctica e contribuír en maior medida ao desenvolvemento deste mercado.

Así, é aconsellable, en primeiro lugar, modificar a propia caracterización do diñeiro electrónico e da actividade de emisión deste, de maneira que aumente a seguridade xurídica no desenvolvemento desta actividade e o marco xurídico resultante sexa, ademais, consistente co novo réxime xurídico aplicable aos servizos de pagamento.

Por outra banda, á luz da experiencia acumulada nestes anos, resulta necesario axustar determinados requirimentos prudenciais ou limitacións ás actividades das entidades de diñeiro electrónico, de maneira que o seu réxime xurídico resulte máis proporcionado.

A revisión destes aspectos substanciouse finalmente na Directiva 2009/110/CE, do 16 de setembro de 2009, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como sobre a supervisión prudencial das ditas entidades, pola que se modifican as directivas 2005/60/CE e 2006/48/CE e se derroga a Directiva 2000/46/CE, cuxa transposición é obxecto desta lei.

Ao fin do previsto na directiva, son tres os obxectivos fundamentais que se poden identificar nesta lei.

En primeiro lugar, trátase de aumentar a precisión do réxime xurídico aplicable á emisión de diñeiro electrónico clarificando a súa definición e o ámbito de aplicación da norma. Desta forma, ao aumentar a seguridade xurídica dos intervinientes no mercado,

facilitarase o acceso á actividade de emisión de diñeiro electrónico e estimularase a competencia no dito sector.

Por outra banda, a norma persegue o deseño dun réxime xurídico máis proporcionado, de modo que se eliminan determinados requirimentos das entidades de diñeiro electrónico que, por resultaren demasiado onerosos para as entidades, se revelaron inadecuados en relación cos riscos que a súa actividade pode potencialmente xerar. Así, non é preciso manter as entidades de diñeiro electrónico como unha categoría adicional de entidade de crédito, polo que deixan de ter tal consideración.

Por último, a norma pretende garantir a consistencia entre o novo réxime xurídico das entidades de pagamento e o aplicable ás entidades de diñeiro electrónico.

II

A presente lei estrutúrase en seis capítulos.

O capítulo I contén as disposicións xerais que regulan os aspectos principais da norma. Defínese o obxecto da lei como a regulación da emisión, con carácter profesional, de diñeiro electrónico, así como do réxime xurídico e prudencial das entidades de diñeiro electrónico. En canto ao ámbito de aplicación da norma, este delimitase, por un lado, proporcionando unha definición legal de diñeiro electrónico que se basea en tres criterios, de maneira que todo aquel produto que reúna esas tres características se poderá cualificar como diñeiro electrónico. Por outro, exclúese do ámbito de aplicación da norma aquel valor monetario almacenado en instrumentos específicos, deseñados para atender necesidades concretas e cuxo uso estea limitado, ben porque o titular só o poida utilizar nos establecementos do propio emisor ou nunha rede limitada de provedores de bens ou servizos, ben porque se poida adquirir con el unicamente unha gama limitada de bens ou servizos. Débese considerar que un instrumento se utiliza dentro dunha rede limitada se só se pode empregar para a adquisición de bens e servizos nun determinado establecemento ou cadea de establecementos, ou para unha serie limitada de bens e servizos, sexa cal for a localización xeográfica do punto de venda. Tales instrumentos poderían incluír as tarxetas de compra, tarxetas de combustible, tarxetas de socio, tarxetas de transporte público, vales de alimentación ou vales de servizos (tales como vales de servizos de gardaría, vales de servizos sociais ou réximes de vales de servizos que subvencionen o emprego de persoal encargado dos traballos domésticos como a limpeza, a pasada de ferro ou a xardinaría), suxeitos ás veces a un marco xurídico específico en materia fiscal ou laboral destinado a promover o uso de tales instrumentos para lograr os obxectivos establecidos na lexislación social. Non obstante, en caso de que un instrumento con fins específicos se converta nun instrumento con fins máis xerais, deberase entender incluído no ámbito de aplicación da lei. Así mesmo, os instrumentos que se poidan utilizar para comprar en establecementos de comerciantes afiliados non se encontran excluídos do ámbito de aplicación da lei, posto que están pensados habitualmente para unha rede de provedores de servizos que crece constantemente.

Cómpre destacar que a lei establece a reserva de actividade para emitir diñeiro electrónico con carácter profesional en favor dunha serie de entidades que, de modo exhaustivo, se enumeran como posibles emisores. Trátase das entidades de crédito e das entidades de diñeiro electrónico cuxo réxime xurídico se establece no capítulo II, ademais da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A. respecto das actividades para as cales se encuentre facultada en virtude da súa normativa específica, o Banco de España cando non actúe na súa condición de autoridade monetaria e as administracións públicas cando actúen na súa condición de autoridades públicas.

É importante sinalar que se mantén, nesta reforma do marco xurídico aplicable ás entidades de diñeiro electrónico, un réxime similar ao aplicable a outras entidades financeiras. Non obstante, introdúcese algunhas novidades froito da adopción do novo réxime das entidades de pagamento, co cal este debe manter consistencia lóxica.

Así, en virtude do capítulo II, as entidades de diñeiro electrónico quedan sometidas a un réxime de autorización e rexistro. Para merecer a autorización, que outorga o Ministerio de Economía e Facenda, deberanse acreditar unha serie de aspectos que proporcionen

garantías de que a entidade vai estar sometida a unha xestión sa e prudente. No prazo de tres meses, tras a recepción da solicitude ou no momento en que se complete a documentación exixible, deberase resolver esta, e entenderase denegada se transcorrido ese prazo máximo non se notificase resolución expresa. O sentido do silencio administrativo neste caso responde ao previsto polo artigo 3.1 da Directiva 2009/110/CE, en virtude do cal só procede outorgar a autorización cando se cumpran todos os requisitos exixidos pola directiva e se, unha vez examinada a solicitude, as autoridades competentes chegaron a unha avaliación favorable.

Un aspecto novo da lei é a posibilidade, recollida de xeito expreso, de que as entidades de diñeiro electrónico realicen outras actividades económicas, ademais da emisión de diñeiro electrónico. Estas inclúen a prestación de servizos de pagamento, a xestión de sistemas de pagamento e calquera outra actividade económica, segundo a lexislación aplicable. Establécese, non obstante, unha limitación á súa actividade que as distingue substancialmente das entidades de depósito, que é a prohibición de captar depósitos ou outros fondos reembolsables do público.

Co obxectivo de deseñar un réxime xurídico máis proporcionado, elimínanse tamén as limitacións aos investimentos vixentes en virtude da normativa anterior. Non obstante, persiste a necesidade de salvaguardar de maneira adecuada os fondos recibidos a cambio do diñeiro electrónico emitido, e prevese para iso un réxime de garantías equivalente ao das entidades de pagamento.

O capítulo III dedícase á regulación da actividade transfronteiriza das entidades de diñeiro electrónico, e prevese un réxime de comunicación ao Banco de España para o caso de actividade intracomunitaria e de autorización cando esta abrangue países terceiros.

No capítulo IV prevese a posibilidade de que as entidades de diñeiro electrónico deleguen en terceiros a realización de determinadas actividades, como son a prestación de funcións operativas ou a distribución e o reembolso de diñeiro electrónico. Establécese, non obstante, a prohibición de emitir diñeiro electrónico a través de axentes.

O capítulo V aborda, con carácter xeral para todos os emisores de diñeiro electrónico, o réxime de emisión e reembolso deste produto, concretándoo en tres aspectos fundamentais. En primeiro lugar, establécese a obriga de emitir diñeiro electrónico polo seu valor nominal. Así mesmo, prevese a posibilidade de que o titular de diñeiro electrónico solicite e obteña o reembolso, en calquera momento e polo seu valor nominal, do diñeiro electrónico de que dispoña. Con carácter xeral, a norma establece que o reembolso se debe efectuar libre de gastos. Non obstante, prevense unha serie de supostos en que o emisor poderá repercutir un gasto, proporcional e adecuado aos custos en que incorra, por efectuar o reembolso. En terceiro lugar, prohíbese a concesión de xuros ou de calquera outro beneficio que estea asociado ao tempo durante o cal o titular do diñeiro electrónico mantén este.

O capítulo VI detalla, por último, as facultades que corresponden ao Banco de España para o adecuado exercicio da supervisión das entidades de diñeiro electrónico, o réxime de participacións significativas destas entidades e o réxime sancionador aplicable a estas, que, no fundamental, segue o disposto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

III

Introduciuse nesta lei unha disposición transitoria proveniente da Directiva 2009/110/CE, que fai referencia a aquelas entidades de diñeiro electrónico que obtivesen autorización en virtude do artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. Non se require que estas entidades soliciten unha nova autorización, ben que se exige que acrediten o cumprimento dos requisitos necesarios para o desenvolvemento desta actividade de acordo con esta lei.

Conta adicionalmente a lei cunha disposición derogatoria, que contén unha cláusula de carácter xeral e outra específica referida ao artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

A lei conclúe con trece disposicións derradeiras. As disposicións derradeiras primeira e terceira modifican, respectivamente, o Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, e a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito. Estas modificacións adaptan as ditas normas á perda, por parte das entidades de diñeiro electrónico, da súa condición como entidade de crédito. Pola súa banda, a disposición derradeira oitava modifica a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, co obxecto de incorporar expresamente as entidades de diñeiro electrónico como suxeitos obrigados pola dita normativa.

A lei dítase de conformidade cos títulos competenciais recollidos nos artigos 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, como sinala a disposición derradeira décima. Por último, as disposicións derradeiras décimo primeira e décimo segunda conteñen, respectivamente, a referencia á incorporación do dereito comunitario e a habilitación ao Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario. Péchase a lei coa disposición derradeira décimo terceira, que establece a data da súa entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta lei é a regulación da emisión de diñeiro electrónico, e inclúe o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico e a supervisión prudencial destas entidades.

2. Enténdese por diñeiro electrónico todo valor monetario almacenado por medios electrónicos ou magnéticos que represente un crédito sobre o emisor, que se emita no momento da recepción de fondos co propósito de efectuar operacións de pagamento segundo se definen no artigo 2.5 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, e que sexa aceptado por unha persoa física ou xurídica distinta do emisor de diñeiro electrónico.

3. Esta lei non se aplicará a aquel valor monetario:

a) almacenado en instrumentos que se poidan utilizar para a adquisición de bens ou servizos unicamente nas instalacións do emisor ou, en virtude dun acordo comercial co emisor, ben nunha rede limitada de provedores de servizos ou ben para un conxunto limitado de bens ou servizos, de acordo coas condicións que se establezan regulamentariamente;

b) utilizado para realizar operacións de pagamento exentas en virtude do artigo 3.1) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.

Artigo 2. *Reserva de actividade.*

1. Poderán emitir diñeiro electrónico as seguintes categorías de emisores de diñeiro electrónico:

a) As entidades de crédito a que se refire o artigo 1.2 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, e calquera sucursal en España dunha entidade de crédito cuxa matriz estea domiciliada ou autorizada fóra da Unión Europea.

b) As entidades de diñeiro electrónico autorizadas conforme o artigo 4 desta lei e calquera sucursal en España dunha entidade de diñeiro electrónico cuxa matriz estea domiciliada ou autorizada fóra da Unión Europea.

c) A Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A., respecto das actividades de emisión de diñeiro electrónico a que se encontre facultada en virtude da súa normativa específica.

- d) O Banco de España, cando non actúe na súa condición de autoridade monetaria.
- e) A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, cando actúen na súa condición de autoridades públicas.

2. Prohíbese a toda persoa física ou xurídica distinta das recollidas no número anterior emitir, con carácter profesional, diñeiro electrónico tal e como se define no artigo 1.2 desta lei.

3. As persoas físicas ou xurídicas que infrinxan o disposto neste artigo serán sancionadas conforme o disposto no artigo 29 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, sen prexuízo das demais responsabilidades que poidan resultar exixibles.

CAPÍTULO II

Réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 3. *Definición e reserva de denominación.*

1. Terán a consideración de entidades de diñeiro electrónico aquelas persoas xurídicas distintas das previstas no artigo 2.1.a) desta lei ás cales se outorgase autorización para emitiren diñeiro electrónico conforme este capítulo.

2. A denominación «entidade de diñeiro electrónico», así como a súa abreviatura «EDE», quedarán reservadas a estas entidades, as cales poderán incluílas na súa denominación social na forma que regulamentariamente se determine. As persoas físicas ou xurídicas que infrinxan esta reserva serán sancionadas conforme o previsto no número 3 do artigo 2.

Artigo 4. *Autorización e rexistro.*

1. Corresponde ao ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Banco de España e do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia, autorizar a creación das entidades de diñeiro electrónico, así como o establecemento en España de sucursais das ditas entidades autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea. A solicitude de autorización deberase resolver dentro dos tres meses seguintes á súa recepción ou ao momento en que se complete a documentación exixible. A autorización entenderase desestimada por silencio administrativo se, transcorrido ese prazo máximo, non se notificase resolución expresa. A denegación da autorización deberá ser motivada.

2. A autorización para a creación dunha entidade de diñeiro electrónico denegarase:

a) Cando esta careza dunha boa organización administrativa e contable ou de procedementos de control interno adecuados que garantan a xestión sa e prudente da entidade.

Para estes efectos, as entidades de diñeiro electrónico disporán, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, dunha estrutura organizativa adecuada, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, así como de procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean ou poidan estar expostos, xunto con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables sólidos.

b) Se, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, non se considera adecuada a idoneidade dos accionistas ou socios que vaian ter unha participación significativa.

Para os efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha entidade de diñeiro electrónico española aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos o 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, e aquelas que, sen chegaren á porcentaxe sinalada, permitan exercer unha influencia notable na entidade.

Poderase determinar regulamentariamente cando se deberá presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer unha influencia notable.

A idoneidade apreciarase en función de:

1.º A honorabilidade comercial e profesional dos accionistas ou socios. Esta honorabilidade presumirase cando os accionistas ou socios sexan administracións públicas;

2.º Os medios patrimoniais con que contan os ditos accionistas ou socios para atender os compromisos asumidos;

3.º A falta de transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida pertencer a entidade, ou a existencia de graves dificultades para inspeccionar ou obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

c) Cando os seus administradores e directivos non teñan a honorabilidade comercial e profesional requirida.

d) Cando incumpra os requisitos de capital mínimo ou os demais que regulamentariamente se establezan para a autorización das entidades de diñeiro electrónico.

e) Cando o bo exercicio da supervisión da entidade por parte do Banco de España se vexa obstaculizado pola normativa vixente nun Estado non membro da Unión Europea que resulte aplicable a unha ou varias das persoas físicas ou xurídicas con que a entidade de diñeiro electrónico manteña vínculos estreitos ou a consecuencia da dita regulamentación.

3. Unha vez obtida a autorización e tras a súa inscrición no Rexistro Mercantil, as entidades de diñeiro electrónico deberán, antes de iniciar as súas actividades, quedar inscritas no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico que se creará no Banco de España. Nese rexistro figurarán, ademais das entidades de diñeiro electrónico autorizadas, os seus axentes e sucursais. Nel faranse constar as actividades para que se autorizase cada entidade de diñeiro electrónico. O rexistro será público, accesible a través da internet e actualizarase periodicamente.

4. Establecerase regulamentariamente o réxime xurídico aplicable á creación e condicións de exercicio da actividade das entidades de diñeiro electrónico e, en particular, para o establecemento do seu capital inicial mínimo e as exixencias de recursos propios e garantías, de acordo coas previsións contidas nesta lei.

5. Os requisitos exixibles para a autorización serano tamén, nos termos que se indiquen regulamentariamente, para conserva-la.

Artigo 5. *Revogación.*

1. A autorización concedida a unha entidade de diñeiro electrónico poderá ser revogada se non se fai uso dela nun prazo de doce meses.

2. Así mesmo, poderase revogar a autorización concedida a unha entidade de diñeiro electrónico como sanción pola comisión de infraccións moi graves, de conformidade co establecido no artigo 23 desta lei.

3. Ademais de polas causas sinaladas nos dous números anteriores, só se poderá revogar a autorización concedida a unha entidade de diñeiro electrónico nos seguintes supostos:

a) De se interromporen de feito as actividades específicas do seu obxecto social durante un período superior a seis meses.

b) De se acreditar que obtivo a autorización por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

c) De se incumpriren as condicións que motivaron a autorización.

d) Por renuncia expresa á autorización.

e) Cando constituía unha ameaza para a estabilidade do sistema de pagamentos en caso de seguir emitindo diñeiro electrónico.

4. A autorización dunha sucursal dunha entidade de diñeiro electrónico dun Estado non membro da Unión Europea será revogada, en calquera caso, cando sexa revogada a autorización da entidade de diñeiro electrónico que creou a sucursal.

5. O ministro de Economía e Facenda será competente para acordar a revogación.

6. Cando o Banco de España teña coñecemento de que a unha entidade de diñeiro electrónico doutro Estado membro da Unión Europea que opera en España lle foi revogada a súa autorización, acordará de inmediato as medidas pertinentes para que a entidade non inicie novas actividades de emisión de diñeiro electrónico, así como para salvaguardar os intereses dos usuarios do diñeiro electrónico.

7. A revogación da autorización figurará en todos os rexistros públicos pertinentes e desde a súa notificación á entidade implicará o cesamento de todas as operacións amparadas por esta.

8. Cando se acordase a revogación da autorización dunha entidade de diñeiro electrónico, o Banco de España informará diso as autoridades supervisoras competentes dos Estados membros onde aquela teña unha sucursal ou actúe en réxime de libre prestación de servizos.

Artigo 6. *Capital inicial.*

As entidades de diñeiro electrónico deberán dispor dun capital inicial mínimo de 350.000 euros. Este complementarase cun volume suficiente de recursos propios, conforme o establecido no artigo seguinte.

Artigo 7. *Recursos propios.*

1. As entidades de diñeiro electrónico deberán manter en todo momento, ademais do capital mínimo exixible, un volume suficiente de recursos propios en relación cos indicadores de negocio, nos termos que regulamentariamente se establezan. Para estes efectos, os recursos propios computables definiranse de acordo co disposto, para os mesmos efectos, para as entidades de crédito.

2. En relación coas obrigas mencionadas no número anterior, o Banco de España:

a) Poderá exceptuar as entidades de diñeiro electrónico integradas nun grupo consolidable de entidades de crédito, tal e como se definen estes nas letras a) e b) do artigo 8.3 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, do cumprimento individual íntegro das exixencias de recursos propios.

b) Poderá exixir, sobre a base da avaliación dos procesos de xestión de riscos e dos mecanismos de control interno da entidade de diñeiro electrónico, que a entidade de diñeiro electrónico posúa unha cifra de fondos propios ata un 20 por cento superior, ou permitir que a entidade de diñeiro electrónico posúa unha cifra de recursos propios ata un 20 por cento inferior á que resulte das exixencias mínimas de capital requiridas á entidade conforme as normas do número 1 deste artigo.

c) Adoptará as medidas necesarias para impedir o uso múltiple dos elementos de recursos propios cando a entidade de diñeiro electrónico pertenza ao mesmo grupo doutra entidade de diñeiro electrónico ou entidade financeira, así como para asegurar unha distribución adecuada dentro do grupo.

d) Poderá adoptar as medidas necesarias para garantir a existencia de capital suficiente para a emisión de diñeiro electrónico, en particular, cando as actividades da entidade de diñeiro electrónico en relación con servizos distintos á propia emisión de diñeiro electrónico ou aos estritamente relacionados con ela prexudiquen ou poidan prexudicar a solidez financeira da entidade.

3. Cando unha entidade de diñeiro electrónico non alcance os niveis mínimos de recursos propios establecidos de conformidade con este artigo, a entidade deberá destinar á formación de reservas as porcentaxes dos seus beneficios ou excedentes líquidos que regulamentariamente se determinen, sometendo para tal efecto a súa distribución á autorización previa do Banco de España.

Artigo 8. *Actividades.*

1. As entidades de diñeiro electrónico, cando así se previse nos seus estatutos sociais, poderán realizar, ademais da emisión de diñeiro electrónico, as actividades seguintes:

a) A prestación dos servizos de pagamento que se enumeran no artigo 1.2 da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

b) A concesión de créditos en relación cos servizos de pagamento recollidos no artigo 1.2.d), e) e g) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1.º que se trate dun crédito concedido exclusivamente en relación coa execución dunha operación de pagamento;

2.º que o crédito concedido en relación co pagamento, executado conforme o artigo 11 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, sexa reembolsado dentro dun prazo que, en ningún caso, supere os doce meses;

3.º que o dito crédito non se conceda con cargo aos fondos recibidos ou mantidos para os efectos da execución dunha operación de pagamento; e

4.º que os fondos propios da entidade de diñeiro electrónico sexan en todo momento adecuados, conforme os criterios que para tal efecto estableza o Banco de España tendo en conta a contía total dos créditos concedidos.

Os créditos conforme este punto non se concederán con cargo aos fondos recibidos a cambio de diñeiro electrónico e salvagardados de conformidade co artigo 9.1 desta lei.

c) A prestación de servizos operativos e servizos auxiliares estreitamente vinculados en relación coa emisión de diñeiro electrónico ou en relación coa prestación de servizos de pagamento a que se refire a letra a) deste punto.

d) A xestión de sistemas de pagamento, tal como se definen no artigo 2.6 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, e sen prexuízo do disposto no seu artigo 5.

e) Outras actividades económicas distintas da emisión de diñeiro electrónico, conforme a lexislación da Unión Europea e nacional aplicable.

Non obstante, cando estas actividades poidan prexudicar a solidez financeira da entidade de diñeiro electrónico ou poidan crear graves dificultades para o exercicio da súa supervisión, o Banco de España poderalle exixir que constituía unha entidade separada para a emisión de diñeiro electrónico e a realización, se é o caso, das actividades previstas na letra a) deste número.

2. As entidades de diñeiro electrónico non poderán levar a cabo a captación de depósitos ou outros fondos reembolsables do público no sentido do artigo 28.2.b) da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

3. Os fondos que o titular do diñeiro electrónico entregue á entidade de diñeiro electrónico cambiaranse de maneira inmediata por diñeiro electrónico. Estes fondos non constituirán depósitos ou outros fondos reembolsables do público no sentido do establecido no artigo 28.2.b) da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

4. Tampouco constituirán depósitos ou outros fondos reembolsables os fondos recibidos polas entidades de diñeiro electrónico en relación coas actividades recollidas no punto 1.a) deste artigo e que non estean vinculados á emisión de diñeiro electrónico.

5. As entidades de diñeiro electrónico unicamente poderán manter contas de pagamento, tal e como se definen no artigo 2.14 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, cuxo uso exclusivo se limite a operacións de pagamento. As ditas contas non poderán percibir xuros e quedarán suxeitas ás restantes limitacións operativas que se determinen regulamentariamente para asegurar a súa finalidade.

Artigo 9. *Requisitos de garantía.*

1. As entidades de diñeiro electrónico salvagardarán os fondos recibidos a cambio do diñeiro electrónico que fose emitido, conforme o previsto no artigo 10.1.a) da Lei 16/2009,

do 13 de novembro, de servizos de pagamento, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Os fondos entregados a cambio da emisión de diñeiro electrónico que sexan recibidos pola entidade de diñeiro electrónico a través dun instrumento de pagamento non deberán ser salvagardados de acordo co punto anterior ata que non fosen ingresados na conta de pagamento da entidade de diñeiro electrónico ou se puxesen dalgunha outra forma á disposición desta, conforme os prazos de execución previstos na sección II do capítulo III do título IV da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, cando resulten aplicables.

En calquera caso, estes fondos deberán ser salvagardados transcorridos, como máximo, cinco días hábiles desde a emisión do diñeiro electrónico.

2. Salvagardaranse, así mesmo, conforme o previsto no primeiro parágrafo do número anterior, os fondos recibidos polas entidades de diñeiro electrónico en relación coas actividades enunciadas no artigo 8.1.a) desta lei que non estean vinculadas á emisión de diñeiro electrónico.

3. Non obstante o anterior, o Banco de España, atendendo á singularidade do negocio das entidades de diñeiro electrónico e co fin de mellorar a protección dos fondos recibidos por elas, poderá autorizar, cando así o solicite a entidade, a utilización do método de salvagarda previsto no artigo 10.1.b) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, xa sexa para protexer os fondos que se recibisen a cambio do diñeiro electrónico emitido, xa sexa os recibidos para a prestación de servizos de pagamento non vinculados á dita emisión.

4. En caso de que unha entidade de diñeiro electrónico teña que salvagardar fondos conforme os números anteriores, e de que unha fracción dos ditos fondos se destine á emisión futura de diñeiro electrónico e o resto se utilice para servizos distintos da emisión de diñeiro electrónico, esa fracción dos fondos destinados a emisións futuras de diñeiro electrónico tamén estará suxeita aos requisitos establecidos nos números anteriores. En caso de que a dita fracción sexa variable ou non se coñeza con antelación, as entidades de diñeiro electrónico poderán aplicar os números anteriores sobre a base dunha hipótese acerca da fracción representativa que se destinará a diñeiro electrónico, sempre que esa fracción representativa poida ser obxecto, á satisfacción do Banco de España, dunha estimación razoable a partir de datos históricos.

Artigo 10. *Información contable.*

Respecto das normas de contabilidade e dos modelos a que se deberán suxeitar as contas anuais das entidades de diñeiro electrónico, así como das previsións relativas á auditoría de contas anuais, obrigas dos auditores e información específica na memoria, observarase o disposto no artigo 14 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.

En particular, no que se refire á obriga de informar separadamente na memoria das contas anuais dos activos, pasivos, ingresos e gastos correspondentes ás distintas actividades desenvolvidas polas entidades de diñeiro electrónico, tal obriga deberase observar respecto das partidas correspondentes á emisión de diñeiro electrónico, á prestación de servizos de pagamento non vinculados á dita emisión e ás restantes actividades, de forma que os tres grupos de actividades aparezan claramente identificados.

CAPÍTULO III

Actividade transfronteiriza das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 11. *Apertura de sucursais e libre prestación de servizos nun Estado membro da Unión Europea por entidades de diñeiro electrónico españolas.*

1. As entidades de diñeiro electrónico españolas que pretendan emitir diñeiro electrónico ou prestar servizos de pagamento non vinculados á dita emisión noutro

Estado membro da Unión Europea, ben mediante o establecemento dunha sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos, deberán comunicalo previamente ao Banco de España.

Á comunicación xuntarase, polo menos, a seguinte información:

a) Un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que a entidade de diñeiro electrónico pretenda levar a cabo e, de ser o caso, a estrutura da organización da sucursal e o seu domicilio social.

b) O nome e a traxectoria profesional dos directivos responsables da sucursal.

2. No prazo máximo dun mes contado desde a recepción da dita comunicación, o Banco de España deberá comunicarlles ás autoridades competentes do Estado de acollida:

a) O nome e o enderezo da entidade de diñeiro electrónico.

b) Os nomes das persoas responsables da xestión da sucursal así como a súa estrutura organizativa e o seu domicilio social, e

c) As actividades que pretenda levar a cabo.

Determinarase regulamentariamente a forma de proceder no caso de que a entidade pretenda efectuar cambios que entrañen modificación das informacións comunicadas ao Banco de España.

Artigo 12. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en España por entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.

1. As entidades de diñeiro electrónico da Unión Europea que non se acollesen total ou parcialmente ás excepcións previstas no artigo 9 da Directiva 2009/110/CE poderán emitir diñeiro electrónico ou prestar servizos de pagamento non vinculados á dita emisión, ben mediante apertura de sucursal, ben en réxime de libre prestación de servizos.

Estas entidades deberán respectar no exercicio da súa actividade en España as disposicións ditadas por razóns de interese xeral.

2. Recibida polo Banco de España unha comunicación da autoridade supervisora da entidade de diñeiro electrónico que conteña, polo menos, a información prevista no número 2 do artigo 11 desta lei, e cumpridos os demais requisitos que regulamentariamente se determinen, procederase a inscribir a sucursal no correspondente Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico, momento a partir do cal poderá iniciar a sucursal as súas actividades en España.

Determinarase regulamentariamente a forma de proceder no caso de que a entidade pretenda efectuar cambios que entrañen modificación das informacións comunicadas ao Banco de España.

3. As entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea poderán iniciar en España a súa actividade en réxime de libre prestación de servizos tan axiña como o Banco de España reciba unha comunicación da súa autoridade supervisora en que se indique que actividades pretenden realizar en España. Este réxime será tamén de aplicación cando a entidade de diñeiro electrónico pretenda iniciar por primeira vez en España algunha outra actividade distinta da emisión de diñeiro electrónico e da prestación de servizos de pagamento a que se refire o artigo 8.1.a) desta lei.

4. As entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea poderán distribuír diñeiro electrónico en España mediante a contratación, para tal fin, dunha ou varias persoas físicas ou xurídicas. Para poderen realizar tal actividade en España, o Banco de España deberá recibir, coas condicións que regulamentariamente se determinen, unha comunicación da súa autoridade supervisora en que se indique que actividades pretenden realizar en España e os nomes das persoas responsables da rede de distribuidores, así como a súa estrutura organizativa e o seu domicilio social.

Artigo 13. *Actividade das entidades de diñeiro electrónico españolas nun Estado non membro da Unión Europea.*

A emisión de diñeiro electrónico en Estados non membros da Unión Europea por parte de entidades de diñeiro electrónico españolas, mesmo mediante a creación ou adquisición de filiais, quedará suxeita, nos termos que regulamentariamente se determinen, á autorización previa do Banco de España.

CAPÍTULO IV

Outras disposicións relativas ás entidades de diñeiro electrónico

Artigo 14. *Delegación da prestación de funcións operativas.*

1. Estableceranse regulamentariamente as condicións en que as entidades de diñeiro electrónico poderán delegar a prestación de funcións operativas.

2. As entidades de diñeiro electrónico que recorran a terceiros para a realización de funcións operativas adoptarán as medidas necesarias para garantir o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei. As entidades de diñeiro electrónico serán plenamente responsables dos actos dos seus empregados e de calquera axente, sucursal, institución ou persoa en que se delegase a prestación de funcións operativas.

Artigo 15. *Axentes.*

1. As entidades de diñeiro electrónico non emitirán diñeiro electrónico por intermediación de axentes.

2. As entidades de diñeiro electrónico estarán capacitadas para prestar os servizos de pagamento a que se refire o artigo 8.1.a) desta lei por intermediación de axentes unicamente de se cumpriren as condicións establecidas no artigo 12 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, e nas súas normas de desenvolvemento.

3. As entidades de diñeiro electrónico poderán distribuír e reembolsar diñeiro electrónico por intermediación de persoas físicas ou xurídicas que actúen no seu nome. Se a entidade de diñeiro electrónico desexa distribuír diñeiro electrónico noutro Estado membro contratando unha persoa física ou xurídica, deberá seguir o procedemento establecido no artigo 11 desta lei, coas especialidades que regulamentariamente se determinen.

Artigo 16. *Conservación de documentos.*

As entidades de diñeiro electrónico conservarán todos os documentos necesarios para os efectos desta lei durante, polo menos, cinco anos, sen prexuízo do disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como noutras disposicións da Unión Europea ou nacionais aplicables.

CAPÍTULO V

Emisión e reembolso de diñeiro electrónico

Artigo 17. *Emisión e reembolso.*

1. Os emisores de diñeiro electrónico emitirán, no momento de recepción dos fondos, diñeiro electrónico polo seu valor nominal.

2. Os emisores de diñeiro electrónico reembolsarán ao titular deste, cando este o solicite, en todo momento e polo seu valor nominal, o valor monetario do diñeiro electrónico de que dispoña.

3. O contrato entre o emisor de diñeiro electrónico e o titular do diñeiro electrónico estipulará clara e explicitamente as condicións de reembolso, incluídos os gastos

conexos, e será informado desas condicións o titular do diñeiro electrónico antes de que este quede suxeito a un contrato ou oferta.

4. O reembolso poderá estar suxeito a gastos unicamente se así se estipula no contrato de conformidade co número anterior e só nalgún dos seguintes casos:

- a) Cando o reembolso se solicite antes da finalización do contrato.
- b) Cando o contrato determine unha data de finalización e o titular do diñeiro electrónico resolverse o contrato con anterioridade á dita data.
- c) Cando o reembolso se solicite unha vez transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato.

Todo gasto será proporcional e adecuado aos custos reais en que incorra o emisor de diñeiro electrónico.

5. Cando o reembolso se solicite antes da finalización do contrato, o titular do diñeiro electrónico poderá solicitar o reembolso total ou parcial.

6. Cando o titular do diñeiro electrónico solicite o reembolso na data de finalización do contrato ou ata un ano despois da dita data:

- a) Reembolsarase o valor monetario total do diñeiro electrónico que se posúa.
- b) Cando unha entidade de diñeiro electrónico realice unha ou varias das actividades que se enumeran no artigo 8.1.e) desta lei e se descoñeza de antemán a porcentaxe de fondos que se vai utilizar como diñeiro electrónico, reembolsaráselle ao titular do diñeiro electrónico todos os fondos que solicite.

7. Os dereitos de reembolso das persoas físicas ou xurídicas que acepten diñeiro electrónico rexeranse polas estipulacións contractuais acordadas co emisor de diñeiro electrónico. Non obstante, o previsto nos números 4, 5 e 6 anteriores seralles de aplicación cando soliciten o reembolso na súa condición de titulares de diñeiro electrónico.

Artigo 18. *Prohibición de xuros.*

Prohíbese a concesión de xuros ou calquera outro beneficio relacionado co tempo durante o cal un titular de diñeiro electrónico está en posesión de diñeiro electrónico.

Artigo 19. *Procedementos de reclamación e recurso extraxudicial para a solución de litixios.*

Nas súas relacións cos titulares de diñeiro electrónico e, de ser o caso, cos usuarios de servizos de pagamento non vinculados á dita emisión, será de aplicación aos emisores de diñeiro electrónico o disposto no artigo 50 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen.

CAPÍTULO VI

Réxime de supervisión e sancionador das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 20. *Supervisión.*

1. Corresponderá ao Banco de España o control e a inspección das entidades de diñeiro electrónico e a súa inscrición no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico que se creará para o efecto. O citado control e inspección realizarase no marco do establecido polo artigo 43 bis da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen. Esta competencia estenderase a calquera oficina ou centro, dentro ou fóra do territorio español, e, na medida en que o cumprimento das funcións encomendadas ao Banco de España o exixa, ás sociedades que se integren no grupo da afectada.

Para estes efectos, o Banco de España poderá solicitar das entidades e persoas suxeitas á súa supervisión canta información sexa necesaria para comprobar o cumprimento da normativa de ordenación e disciplina a que aquelas estean suxeitas. Co

fin de que o Banco de España poida obter a dita información ou confirmar a súa veracidade, as entidades e persoas mencionadas quedan obrigadas a pór á disposición do Banco cantos libros, rexistros e documentos consideren precisos, incluídos os programas informáticos, ficheiros e bases de datos, sexa cal for o seu soporte, físico ou virtual.

Tamén poderá emitir guías de acordo co previsto no artigo 10 bis.1.d) da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

2. O Banco de España deberá informar as autoridades competentes do Estado membro de acollida sempre que desexe efectuar inspeccións *in situ* no territorio deste último. O Banco de España poderá encomendar ás autoridades competentes do Estado membro de acollida a realización de inspeccións *in situ* na entidade de que se trate.

3. O Banco de España poderá, no exercicio das súas propias competencias de control, en particular no que se refire ao adecuado funcionamento do sistema de pagamentos, inspeccionar as sucursais de entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderá asumir a realización das inspeccións que en relación con esas sucursais lle fosen encomendadas polas autoridades supervisoras do Estado membro onde a entidade fose autorizada.

4. Para o adecuado exercicio das súas funcións, o Banco de España poderá solicitar das sucursais das entidades de diñeiro electrónico da Unión Europea a mesma información que lles exixa ás entidades españolas.

5. A supervisión do Banco de España poderá alcanzar igualmente as persoas españolas que controlen entidades de diñeiro electrónico doutros Estados membros da Unión Europea, dentro do marco da colaboración coas autoridades responsables da supervisión das ditas entidades.

6. As resolucións que dite o Banco de España no exercicio das funcións a que se refiren os números anteriores serán susceptibles de recurso ante o ministro de Economía e Facenda.

7. As medidas de intervención e de substitución previstas no título III e no artigo 62 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, poderanse aplicar ás entidades de diñeiro electrónico.

Artigo 21. *Réxime de participacións significativas.*

1. Calquera persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada, adoptase a decisión de adquirir ou ceder, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha entidade de diñeiro electrónico española, notificará previamente ao Banco de España a súa intención de efectuar a dita adquisición ou cesión.

De xeito análogo, calquera persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de xeito concertado, adoptase a decisión de aumentar ou reducir, directa ou indirectamente, a súa participación significativa nunha entidade de diñeiro electrónico, como consecuencia do cal a súa porcentaxe do capital ou de dereitos de voto posuídos ascendería, superaría ou caería por debaixo do 20 por cento, o 30 por cento ou o 50 por cento, ou pasaría a controlar a entidade de diñeiro electrónico ou deixaría de facelo, notificará previamente ao Banco de España a súa intención de efectuar o dito aumento ou redución.

Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste artigo sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

2. O adquirente proposto deberá facilitar ao Banco de España información que indique o volume da dita participación, así como a información pertinente a que fai referencia o artigo 57.1 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

3. O Banco de España disporá dun prazo de sesenta días hábiles, contados desde a data en que efectuase a xustificación da recepción da notificación a que se refire o número 1 anterior, para valorar se a influencia exercida polo adquirente proposto pode ir en detrimento dunha xestión sa e prudente da entidade e, de ser o caso, oporse á adquisición proposta. A xustificación da recepción realizarase por escrito no prazo de

dous días hábiles contados desde a data da recepción da notificación polo Banco de España, sempre que a esta se xunte toda a información que resulte exigible conforme este artigo, e nel indicáraselle ao adquirente potencial a data exacta en que expira o prazo de avaliación.

4. Cando se efectúe unha das adquisicións reguladas neste artigo sen llo ter notificado previamente ao Banco de España ou, téndollo notificado, medie a oposición expresa do Banco de España, formulada no prazo previsto no número anterior, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, non obstante, chegasen a exercerse, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto no capítulo IX do título V do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital; o Banco de España é o que está lexitimado para o efecto.

b) Se for preciso, acordarase a intervención da entidade ou a substitución dos seus administradores, segundo o previsto no título III da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Ademais, imporanse as sancións previstas no título I da mesma lei.

Artigo 22. *Información e segredo profesional.*

1. No exercicio das súas funcións de supervisión e inspección das entidades de diñeiro electrónico, o Banco de España colaborará coas autoridades que teñan encomendadas funcións semellantes noutros Estados membros da Unión Europea e poderá comunicar informacións relativas á dirección, xestión e propiedade destas entidades, así como as que poidan facilitar o control de solvencia destas e a súa supervisión ou sirva para evitar, perseguir ou sancionar condutas irregulares; igualmente, poderá subscribir, para tal efecto, acordos de colaboración.

No caso de que as autoridades competentes non pertencen a outro Estado membro da Unión Europea, a subministración destas informacións exixirá que exista reciprocidade e que as autoridades competentes se encontren suxeitas ao deber de segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

No caso de que as autoridades competentes pertencen a outro Estado membro da Unión Europea, o Banco de España facilitaralles ás interesadas, por propia iniciativa, calquera información que sexa esencial para o exercicio das súas tarefas de supervisión, e, cando se lle solicite, toda información pertinente para iguais fins.

2. Será, así mesmo, de aplicación o disposto no artigo 6 do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, tanto para os efectos previstos no número anterior como para os restantes previstos no propio artigo.

3. Adicionalmente, o Banco de España poderá intercambiar información que sexa relevante para o exercicio das súas respectivas competencias:

a) Co Banco Central Europeo e cos bancos centrais nacionais dos Estados membros da Unión Europea, na súa calidade de autoridades monetarias e de supervisión, e, de ser o caso, con outras autoridades públicas responsables da vixilancia dos sistemas de pagamento e liquidación;

b) Con outras autoridades pertinentes designadas en virtude desta lei; da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, das súas disposicións de desenvolvemento e doutras disposicións de dereito da Unión Europea aplicables aos emisores de diñeiro electrónico.

Artigo 23. *Réxime sancionador.*

1. Ás entidades de diñeiro electrónico seralles de aplicación, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen, o réxime sancionador previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito. Este réxime alcanzará tamén as persoas físicas ou xurídicas que posúan unha participación significativa nunha entidade de diñeiro electrónico.

2. Terán a consideración de normas de ordenación e disciplina dos emisores de diñeiro electrónico a que se refiren as letras a) e b) do artigo 2.1 as disposicións contidas nesta lei. O seu incumprimento será sancionado como infracción grave, sempre que estas non teñan carácter ocasional ou illado, de acordo co previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Disposición transitoria. *Réxime transitorio para as entidades de diñeiro electrónico autorizadas conforme o artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.*

1. As entidades de diñeiro electrónico que fosen autorizadas para a emisión de diñeiro electrónico antes do 30 de abril de 2011, conforme o establecido no artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, poderán seguir emitindo diñeiro electrónico en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea, de conformidade cos acordos de recoñecemento mutuo mencionados na Directiva 2000/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como sobre a supervisión cautelar das ditas entidades. Para iso non será preciso solicitar a autorización prevista no artigo 4 e non estarán obrigadas ao cumprimento daquelas outras disposicións desta lei que se determine regulamentariamente.

2. As entidades de diñeiro electrónico a que se refire o número anterior deberán presentar antes do 30 de outubro de 2011, ante a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, a información pertinente de acordo co establecido no artigo 4, co fin de que se poida determinar se as ditas entidades se axustan aos requisitos establecidos nesta lei e, en caso de que non sexa así, as medidas que se deben adoptar para garantir o seu cumprimento ou se procede retirar a autorización.

As entidades de diñeiro electrónico que reúnan os requisitos anteriores serán autorizadas e inscritas no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico do Banco de España, segundo o establecido no artigo 4. Prohibiráselles a emisión de diñeiro electrónico a aquelas entidades de diñeiro electrónico que non acreditasen en 30 de outubro de 2011 o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei e, en particular, o artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e o Real decreto 322/2008, do 29 de febreiro, sobre o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas.*

O artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 1. *Definición.*

1. Para os efectos da presente disposición, e de acordo coa Directiva 2000/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa ao

acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio, enténdese por «entidade de crédito» toda empresa que teña como actividade típica e habitual recibir fondos do público en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que comporten a obriga da súa restitución, e aplícalos por conta propia á concesión de créditos ou operacións de análoga natureza.

2. Conceptúanse entidades de crédito:

- a) O Instituto de Crédito Oficial.
- b) Os bancos.
- c) As caixas de aforros e a Confederación Española de Caixas de Aforros.
- d) As cooperativas de crédito.
- e) Os establecementos financeiros de crédito.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 22, que queda redactado co seguinte teor:

«O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores é o órgano de asesoramento do seu Consello. O dito comité será presidido polo vicepresidente da Comisión, que non disporá de voto en relación cos seus informes; o número dos seus conselleiros e a forma da súa designación serán os que regulamentariamente se determinen. Os conselleiros serán designados en representación das infraestruturas de mercado, dos emisores, dos investidores, das entidades de crédito e entidades aseguradoras, dos colectivos profesionais designados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e dos fondos de garantía de investimentos, máis outro representante designado por cada unha das comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores en cuxo territorio exista un mercado secundario oficial.»

Dous. O artigo 23 queda redactado co seguinte teor:

«O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores emitirá informe sobre cantas cuestións lle sexan formuladas polo Consello.

O seu informe será preceptivo en relación:

- a) Coas disposicións da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que fai referencia o artigo 15 desta lei.
- b) Coa autorización, a revogación e as operacións societarias das empresas de servizos de investimento e das restantes persoas ou entidades que actúen ao abeiro do artigo 65.2, cando así se estableza regulamentariamente, atendendo á súa transcendencia económica e xurídica.
- c) Coa autorización e revogación das sucursais de empresas de servizos de investimento de países non membros da Unión Europea e dos restantes suxeitos do mercado de valores, cando así se estableza regulamentariamente, tendo en conta a relevancia económica e xurídica de tales suxeitos.

Sen prexuízo do seu carácter de órgano consultivo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Comité Consultivo emitirá informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral verbo de materias directamente relacionadas co mercado de valores que lle sexan remitidos polo Goberno ou polo Ministerio de Economía e Facenda co obxecto de facer efectivo o principio de audiencia dos sectores afectados no procedemento de elaboración de disposicións administrativas.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 87 bis, que queda redactado como segue:

«3. Así mesmo, cando unha empresa de servizos de investimento non cumpra coas exixencias que, contidas nesta lei ou na súa normativa de desenvolvemento, determinen requirimentos mínimos de recursos propios ou requiran unha estrutura organizativa ou mecanismos e procedementos de control interno, contables ou de valoración adecuados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adoptar, entre outras, as seguintes medidas:

a) Obrigar as empresas de servizos de investimento e os seus grupos a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facelo, polo menos, sempre que aprecie deficiencias graves na estrutura organizativa da empresa de servizos de investimento ou nos procedementos e mecanismos de control interno, contables ou de valoración, incluíndo en especial os mencionados no artigo 70.3 desta lei, ou sempre que determine, de acordo co previsto no artigo 87 bis 1.c), que os sistemas e os fondos propios mantidos a que se refire o dito precepto non garanten unha xestión e cobertura sólidas dos riscos. En ambos os dous casos a medida deberá ser adoptada cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere improbable que a mera aplicación doutras medidas mellore as ditas deficiencias ou situacións nun prazo adecuado.

b) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que reforen ou modifiquen os procedementos de control interno, contables ou de valoración, os mecanismos ou as estratexias adoptados para o cumprimento das ditas exixencias organizativas ou de recursos.

c) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos a aplicación dunha política específica, ben de dotación de provisións, ben de repartición de dividendos ou doutro tipo de tratamento para os activos suxeitos a ponderación para os efectos das exixencias de recursos propios, ben de redución do risco inherente ás súas actividades, produtos ou sistemas.

d) Restringir ou limitar os negocios, as operacións ou a rede das empresas de servizos de investimento.

e) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que limiten a remuneración variable en forma de porcentaxe dos ingresos netos totais cando iso non sexa compatible co mantemento dunha base de capital sólida.

f) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que utilicen beneficios netos para reforzaren a súa base de capital.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo da aplicación das sancións que en cada caso procedan de acordo cos preceptos establecidos nesta lei.»

Catro. Modifícase a letra b) do artigo 100, que queda redactada como segue:

«b) A falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo ou do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros a que se refiren respectivamente os artigos 61 bis e 61 ter, ou a existencia nos ditos informes de omisións ou datos falsos ou enganosos; o incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 512, 513, 514, 516 e 517 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo; e o feito de careceren as entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais dun comité de auditoría, nos termos establecidos na disposición adicional décimo oitava desta lei.»

Cinco. Suprímese a letra b bis) do artigo 100.

Seis. Modifícase a letra h) do artigo 102, que queda redactada como segue:

«h) Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor en calquera entidade financeira, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera outra entidade das previstas no artigo 84.1 e 84.2.b), c bis) e d) por prazo non superior a dez anos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.*

Un. O artigo 28.2 queda redactado do seguinte modo:

«2. Entenderanse, en particular, reservadas ás entidades de crédito:

a) A actividade definida no número 1 do artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas.

b) A captación de fondos reembolsables do público, calquera que sexa o seu destino, en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que non estean suxeitas ás normas de ordenación e disciplina do mercado de valores.»

Dous. Modifícase o número 1 quáter do artigo 43 bis, que queda redactado como segue:

«1 quáter. O Banco de España poderalles comunicar e requirir ás entidades suxeitas ás súas facultades de supervisión, inspección e sanción previstas nesta lei, por medios electrónicos, as informacións e medidas recollidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. As entidades referidas terán obriga de habilitar, no prazo que se fixe para iso, os medios técnicos requiridos polo Banco de España para a eficacia dos seus sistemas de comunicación electrónica, nos termos que este adopte para o efecto.»

Tres. Engádesse unha nova letra ñ) ao artigo 52 co seguinte contido:

«ñ) A emisión de diñeiro electrónico.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Modifícase o número 1 do artigo 88 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que queda redactado como segue:

«1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse sobre a base dos criterios recollidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os seguintes:»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro.*

Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 11 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, que pasa a ter a seguinte redacción:

«c) Indemnizar os danos, nas persoas e nos bens, ocasionados en España por un vehículo que estea asegurado e fose obxecto de roubo ou roubo de uso.

Os danos nas persoas e nos bens ocasionados noutro Estado por un vehículo con estacionamento habitual en España que estea asegurado e fose roubado ou roubo de uso serán indemnizados polo Consorcio de Compensación de Seguros cando o fondo nacional de garantía dese Estado non asuma funcións de indemnización dos danos producidos por vehículos roubados.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras.*

Modifícase o artigo 55 da Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras, que queda redactado como segue:

«Artigo 55. *Outras disposicións.*

En materia de prescrición de infraccións e sancións, de posible exención de responsabilidade administrativa, de imposición de multas coercitivas e de executividade das sancións que se impoñan conforme esta lei, resultará de aplicación o disposto, respectivamente, nos artigos 83, 88 bis, 90 e 94 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.*

O número 3 do artigo 51 queda redactado como segue:

«3. Terán a consideración de normas de ordenación e disciplina dos provedores de servizos de pagamento a que se refiren as letras a), b) e c) do número 1 do artigo 4 as disposicións contidas nos títulos I (con excepción do artigo 5) e II desta lei, as previstas nos artigos 18 e 19 do título III, o artigo 50, as disposicións do Regulamento (CE) 924/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo aos pagamentos transfronteirizos na Comunidade e polo que se derroga o Regulamento (CE) 2560/2001, así como calquera outra lei e disposición de carácter xeral que conteña preceptos especificamente referidos aos provedores de servizos de pagamento e de obrigada observancia para eles. O seu incumprimento será sancionado como infracción grave, sempre que aquelas non teñan carácter ocasional ou illado, de acordo co previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención de entidades de crédito.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.*

Introdúcese un novo inciso na letra h) do artigo 2.1, que queda redactado do seguinte modo:

«h) As entidades de pagamento e as entidades de diñeiro electrónico.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número trinta e un da disposición derradeira quinta, que queda redactado como segue:

«Disposición derradeira terceira.

Os requisitos de información sobre o control interno previstos no artigo 61 bis.4, letra h), desta lei, e no artigo 31 bis.dous.j) da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros, serán exhibibles a partir dos exercicios económicos que comecen o 1 de xaneiro de 2011 e o seu contido será incluído no informe anual de goberno corporativo que se publique en relación cos ditos exercicios.»

Dous. Modifícase a disposición derradeira sexta, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto*

lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas.

Engádesse unha nova letra j) no número dous do artigo 31 bis da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros, co seguinte teor literal:

«j) Unha descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión de información financeira regulada.»

Disposición derradeira décima. *Títulos competenciais.*

A presente lei dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira décimo primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2009/110/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como sobre a supervisión prudencial das ditas entidades, pola que se modifican as directivas 2005/60/CE, 2006/48/CE e se derroga a Directiva 2000/46/CE.

Disposición derradeira décimo segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO